CONCELLO DE SANTIAGO

| *Dependencia* CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
|---|---|---|
| *Documento* CON12I0D1 | *Expediente* CON/74/2017 | |

15078DCON12I0D1÷

# ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no campo de fútbol municipal de Santa Isabel.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 433.306,15 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 6 de marzo de 2018, ás 9:30 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidenta:** Dna. Noa Morales Sánchez.

**Vogais:**
D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Juan Garabato, técnico en programación e xestión deportiva.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Dase conta á mesa de contratación da presentación de dous recursos contra o prego desta licitación. A presentación destes recursos non ten efectos suspensivos pero a pesares disto a mesa acorda suspender a apertura de ofertas prevista para hoxe ata que se contesten polo órgano de contratación.

Ás 9.35 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**A PRESIDENTA DA MESA**

Noa Morales Sánchez

**O SECRETARIO DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVIZOS COMUNITARIOS CONCELLO DE SANTIAGO

# ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no campo de fútbol municipal de Santa Isabel.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 433.306,15 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 20 de marzo de 2018, ás 10:07 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidenta:** Dna. Noa Morales Sánchez.

**Vogais:** D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Antonio Ranedo, xefe do servizo de obras e proxectos.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asiste unha representante da Federación Gallega de la Construcción.

**OFERTAS PRESENTADAS:**

| NÚMERO DE ORDE | DATA DE PRESENTACIÓN | NÚMERO DE REXISTRO | NOME DO LICITADOR |
|---|---|---|---|
| 1 | 14/02/2018 | 6.518 | B83179416 SPORT EQUIPALIA SL |
| 2 | 15/02/2018 | 6.573 | UTE FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL & CALFENSA PROYECTOS SL (*) |
| 3 | 15/02/2018 | 6.623 | A28410850 OPSA - OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A.(*) |
| 4 | 16/02/2018 | 6.780 | UTE OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL & MECANO SPORT SL(*) |

**Proposición recibida por correo*

Dase conta en primeiro termo da desestimación dos recursos presentados na sesión da xunta de goberno local do pasado venres 16 de marzo, tal e como foi acordado na anterior reunión desta mesa.

A continuación procédese á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos apórtana correctamente cumprimentada.

Finalmente lévase a cabo a apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliables mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

CONCELLO DE SANTIAGO

| | | |
|---|---|---|
| *Dependencia*<br>CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>100.- JMIC | | |
| *Documento*<br>CON12I0D1 | *Expediente*<br>CON/74/2017 | |

15078DCON12I0D1+

| Nº DE ORDE | NOME DO LICITADOR | PREZO OFERTADO (euros IVE excluído) | Ampliación prazo de garantía |
|---|---|---|---|
| 1 | SPORT EQUIPALIA SL | 394.536'87 | 10 anos |
| 2 | UTE FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL & CALFENSA PROYECTOS SL (*) | 359.500 | 10 anos |
| 3 | OPSA - OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A.(*) | 354.141'12 | 10 anos |
| 4 | UTE OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL & MECANO SPORT SL(*) | 420.181'82 | 10 anos |

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como para a comprobación da documentación técnica aportada..

Ás 10.20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**A PRESIDENTA DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

# ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no campo de fútbol municipal de Santa Isabel.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 433.306,15 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 26 de abril de 2018, ás 9:07 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidenta:** Dª Noa Morales Sánchez.

**Vogais:** D. Rafael Peña Vidal, representante do grupo CA.
Dª. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Ruben Cela, representante do grupo BNG.
D. Antonio Ranedo Santillana, xefe de servizo de Proxectos e Obras
Dª. Belén Amor, en representación da Intervención Municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da Asesoría Xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de Contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

De conformidade co contido do mesmo e co informe complementario emitido polo experto redactor do proxecto, a mesa acorda a exclusión da licitación da oferta presentada pola empresa OPSA - OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES S.A., que propón a instalación dun céspede que non supera os parámetros para o criterio de calidade FIFA QUALITY PRO (segundo o procedemento 2015 ou posterior), incumprindo os requerimentos técnicos do proxecto.

Con respecto a oferta presentada pola empresa UTE OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL & MECANO SPORT SL, dos informes emitidos despréndese que cumpre os requerimentos técnicos e de calidade fixados no proxecto, acreditando que compromete efectivamente a instalación dun céspede FIFA QUALITY PRO, considerándose a ausencia de documentación reflectida nos informes un incumprimento meramente formal, que non debe dar lugar a exclusión da licitación.

Polo tanto, e, en definitiva, de conformidade co informe de valoración emitido, a mesa de contratación, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Excluír da licitación a oferta presentada pola empresa OPSA - OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES S.A., que propón a instalación dun céspede que non supera os parámetros para o criterio de calidade FIFA QUALITY PRO (segundo o procedemento 2015 ou posterior), incumprindo os requerimentos técnicos do proxecto.

**SEGUNDO:** Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador UTE FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL & CALFENSA PROYECTOS SL, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 359.500 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no

cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**A PRESIDENTA DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVIZOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia<br>CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>100.- JMIC | | |
|---|---|---|
| Documento<br>CON12I0D1 | Expediente<br>CON/74/2017 | |

15078DCON12I0D1÷

## ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no campo de fútbol municipal de Santa Isabel.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 433.306,15 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 16 de maio de 2018, ás 10:50 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidenta:** Dna. Noa Morales Sánchez.

**Vogais:** D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de Proxectos e Obras.
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
D. Xoaquín Monteagudo Romero, director da Asesoría Xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, UTE FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL & CALFENSA PROYECTOS SL, consideran acreditada a mesma, remitindo ó departamento de obras e proxectos a documentación relativa á súa solvencia técnica, para a revisión da mesma e, de ser o caso, emisión de informe de conformidade.

Ás 10:55 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**A PRESIDENTA DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

# ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no campo de fútbol municipal de Santa Isabel.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 433.306,15 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 31 de maio de 2018, ás 9 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** Dna. Noa Morales Sánchez.

**Vogais:**
D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de Proxectos e Obras.
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar o informe relativo á acreditación da solvencia técnica da UTE FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL & CALFENSA PROYECTOS SL emitido polo xefe de servizo de obras e proxectos consideran acreditada a mesma, e polo tanto, a vista tamén da documentación revisada e validada na última reunión, ratifican a proposta de adxudicación acordada con data 16 de abril pasado a favor do mencionado licitador.

Ás 9.10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**A PRESIDENTA DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**

Firmado por OTERO FERREIRO ROMAN - 33281132V
Fecha: 04/06/2018 12:57:43 CEST

Asinado por MORALES SANCHEZ NOA MARIA - 44846313Q o día 04/06/2018 cun certificado emitido por AC FNMT Usuarios

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO